

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA CATRO DE MARZO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
Escusa asistencia D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS  
  
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día catro de marzo de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezasete de febreiro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 307/09 de don Celso Ferreiro Varela

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Merín, solicita licenza para a construción dun peche da parcela con base de formigón, postes e arame, de aproximadamente 30 mts de lonxitude, no lugar de Fraíz, en solo de expansión de núcleos rurais (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: deberá recuar o peche 6 mts respecto do eixe do vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo irá revestido e pintado coas cores tradicionais de maneira que quede perfectamente rematado; a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura

máxima de 1,50 mts podendo acadar os 1,80 mts e a base de elementos diáfanos e vexetación

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoto euros con tres céntimos (#18,03#)

## 2.2.- Instancia num. 300/09 de don Ismael González Porto

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en A Estrada, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no cambio de uralita e tella, situada na Avenida do M. M. Gómez Lorenzo, en solo urbano (U-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesmas (incluídas as vigas ou viguetas da cuberta) e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns, non permitíndose a apertura dos novos ocos. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres nons e faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e cinco euros con corenta e oito céntimos (#65,48#)

## 2.3.- Instancia num. 284/09 de dona Milagros Iglesias Veiga

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a restauración do muro do cerre de parcela situada en Marzán de Arriba, en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: as actuacións de restauración previstas respectarán as condicións orixinarias de posición, altura e tipoloxía existentes, limitándose as obras permitidas á desmontaxe e recolocación das pedras nas zonas necesarias para corrixir o desplome que actualmente presenta o muro; non se afectará ó normal uso do vial público. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e oito euros con cincuenta céntimos (#28,50#)



**3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenza definitiva para depósito de GLP aéreo en San Xián de Sales**

Logo de acreditado no expediente instruído para o efecto e segundo instancia núm. 118/09, que por don Gonzalo García Viador en representación de REPSOL BUTANO, S.A., que se cumpriron os trámites e requisitos esixidos polo Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas de 30 de novembro de 1961 e Disposicións complementarias, para instalación de "DEPÓSITO DE G.L.P. AÉREO", no lugar de Laraño da parroquia de San Xián de Sales, deste termo, actividade para a que se concedeu licenza provisional con data dez de xuño de dous mil oito, en uso das facultades conferidas, a Xunta de Goberno Local, acorda concederlle a LICENCIA DEFINITIVA para pór en funcionamento a mencionada actividade, cuxa licenza deberá ser expedida pola Secretaría deste concello, e servirá ó interesado como documento acreditativo desta concesión. Todo iso sen prexuízo das demais autorizacións preceptivas doutros organismos en cumprimento das respectivas lexislacións sectoriais de aplicación.

**4º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de Resolución da Alcaldía relativa ó Plan Complementario ó FEIL 2009**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dez de febreiro do ano que andamos, que di o seguinte:

"Dáse conta das bases reguladoras do *Plan complementario ao Fondo Estatal de Inversión Local 2009*, publicadas no BOP num. 294/08, do 23 de decembro

Aprobadas pola MAP as memorias das obras incluídas no citado Fondo Estatal, en función das competencias outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985 , reguladora de bases do réxime local e demais de aplicación

**RESOLVÍN:**

1º.- Adxudicar os contratos de redacción dos proxectos ós seguintes técnicos:

**1.1.- JOSÉ FERMÍN GONZÁLEZ BLANCO (DNI 52.617.561-R)**

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO EXECUCIÓN MAT.	PREZO DE ADXUDICACIÓN	PRAZO DE EXECUCIÓN
CENTRO DE INTERP. EN VEDRA	119.301,39	10.243,96	10 DÍAS
ACON. CASA FERROCARRIL EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA	116.493,99	10.174,36	10 DÍAS
ACOND. COLEXIO DE ORTIGUEIRA PARA INSTALCIÓN COMEDOR	30.049,32	3.038,04	10 DÍAS
PECHE PISTA POLIDEPORTIVA DE PARADELA	28.734,7	2.723,68	10 DÍAS



1.2.- EVA MARÍA MARTÍNEZ ABASTIDA (DNI 36.126.974-T)

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO EXECUCIÓN MAT.	PREZO DE ADXUDICACIÓN	PRAZO DE EXECUCIÓN
CONSTR. PORCHE EN CASA PARROQUIAL DE ILLOBRE	13.743,09	980,2	10 DÍAS
ACOND. E AMPLIAC. LOCAL SOCIAL DE S. PEDRO DE SARANDÓN	55.898,11	7.312,66	10 DÍAS

1.3.- MERCEDES ROSÓN VARELA (DNI 76.809.896-Q)

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO EXECUCIÓN MAT.	PREZO DE ADXUDICACIÓN	PRAZO DE EXECUCIÓN
LOCALES EXPOSIC. Y GRADERIOS EN CAMPO FIESTA DE SAN MIGUEL	190.433,08	5.800	10 DÍAS
CONST. EDIFICACIÓN MULTIUSOS EN CAMPO DA FESTA DE TROBE	161.713,02	6.728	10 DÍAS

1.4.- ARC INGENIERÍA (CIF B-70070305)

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO EXECUCIÓN MAT.	PREZO DE ADXUDICACIÓN	PRAZO DE EXECUCIÓN
SANEAMIENTO SOCASTRO-SAN MAMEDE	108.119,28	2.349,74	10 DÍAS
SANEAMIENTO REBOREDO - PONTE ULLA	17.526,41	380,9	10 DÍAS
ABASTECIMIENTO EN MERÍN	45.267,71	983,8	10 DÍAS

2º.- Adjudicar a dirección de obras ós técnicos redactores dos proxectos no seguinte prezo:

J. FERMÍN GONZÁLEZ BLANCO: 4.158,16 EUROS

EVA Mª. MARTÍNEZ ABASTIDA: 4.158,16 EUROS

ARC INGENIERIA: 3.714,44 EUROS

MERCEDES ROSON VARELA: 7.540 EUROS

3º.- Adjudicar a coordinación da seguridade e saúde das obras a Askim Proyectos de Ingeniería, S.L (B-15.845.5663) no prezo de SEIS MIL NOVECIENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (#6.935,34#)."

A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada Resolución



## 5º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación de obras do Fondo Estatal de Inversión Local 2009

O Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día 15 de xaneiro de 2009 aprobou as memorias das obras a incluír no Fondo Estatal de Inversión Local.

Unha vez verificado que as solicitudes presentadas cumpren os requisitos establecidos no Real - Decreto Lei 9/2008, de 28 de novembro, o Secretario de Estado de Cooperación Territorial, con data 5 de febreiro dictou Resolución de autorización para o financiamento das obras proxectadas, publicándose na páxina [www.map.es](http://www.map.es) con data 06/02/2009.

De acordo co establecido no citado Real -Decreto Lei 9/2008 e na Resolución do MAP de data 9 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes, as condicións de tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo ó fondo, a Xunta de Goberno acorda proceder á adxudicación, como contrato menor, das seguintes obras:

### *5.1.- Construción dun porche na casa parroquial de San Andrés de Illobre (orzamento de licitación: 13.743,09 euros)*

Primeiro.- Adxudicar definitivamente a citada obra á empresa Promotora Matimán, S.L, con CIF B-15717085 e domicilio social na R/Choupana, nº 11 -baixo (Santiago de Compostela)

Segundo- o Importe da adxudicación ascende á cantidade de once mil oitocentos corenta e sete euros con corenta e nove céntimos (#11.847,49#) máis mil oitocentos noventa e cinco euros con sesenta céntimos (#1.895,60#) de IVE.

Terceiro O prazo de execución da citada obra é de dous meses

Cuarto- A empresa adxudicataria ocupará na realización da obra a oito persoas pertencentes á empresa e subcontratadas.

Quinto.- A empresa adxudicataria deberá presentar unha garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE

### *5.2.- Acondicionamento do Colexio de Ortigueira para instalación de comedor (Orzamento base de licitación: 30.049,32 euros)*

Primeiro.- Adxudicar definitivamente a citada obra á empresa Promotora Matimán, S.L, con CIF B-15717085 e domicilio social na R/Choupana, nº 11 -baixo (Santiago de Compostela)

Segundo- o Importe da adxudicación ascende á cantidade de vinte e cinco mil novecentos catro euros con cincuenta e nove céntimos (#25.904,59) máis catro mil cento corenta e catro euros con setenta e tres céntimos (#4.144,73#) de IVE.

Terceiro O prazo de execución da citada obra é de tres meses

Cuarto- A empresa adxudicataria ocupará na realización da obra a sete persoas pertencentes á empresa e subcontratadas.

Quinto.- A empresa adxudicataria deberá presentar unha garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE

### *5.3.- Construción de peche da parcela do cemiterio de Ponte Ulla (orzamento base de licitación: 13.235,90 euros)*



Primeiro.- Adxudicar definitivamente a citada obra á empresa Promotora Matimán, S.L, con CIF B-15717085 e domicilio social na R/Choupana, nº 11 -baixo (Santiago de Compostela)

Segundo- o Importe da adxudicación ascende á cantidade de once mil catrocentos dez euros con vinte e seis céntimos(#11.410,26#) máis mil oitocentos vinte e cinco euros con sesenta e catro céntimos (#1.825,64#) de IVE.

Terceiro O prazo de execución da citada obra é de dous meses

Cuarto- A empresa adxudicataria ocupará na realización da obra a catro persoas pertencentes á empresa e subcontratadas.

Quinto.- A empresa adxudicataria deberá presentar unha garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE

*5.4.- Acondicionamento e ampliación do local social de San Pedro de Sarandón (orzamento base de licitación: 55.898,11 euros)*

Primeiro.- Adxudicar definitivamente a citada obra á empresa Promotora Matimán, S.L, con CIF B-15717085 e domicilio social na R/Choupana, nº 11 -baixo (Santiago de Compostela)

Segundo- o Importe da adxudicación ascende á cantidade de corenta e oito mil cento oitenta e oito euros con tres céntimos (#48.188,03#) máis sete mil setecentos dez euros con oito céntimos (#7.710,08#) de IVE.

Terceiro O prazo de execución da citada obra é de seis meses

Cuarto- A empresa adxudicataria ocupará na realización da obra a oito persoas pertencentes á empresa e subcontratadas e unha de nova contratación

Quinto.- A empresa adxudicataria deberá presentar unha garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE

*5.5.- Peche de pista polideportiva de Paradela (orzamento base de licitación: 28.734,70 euros)*

Primeiro.- Adxudicar definitivamente a citada obra á empresa Promotora Matimán, S.L, con CIF B-15717085 e domicilio social na R/Choupana, nº 11 -baixo (Santiago de Compostela)

Segundo- o Importe da adxudicación ascende á cantidade de vinte e catro mil setecentos setenta e un euros con vinte e nove céntimos (#24.771,29#) máis tres mil novecentos sesenta e tres euros con corenta e un céntimos (#3.963,41#) de IVE.

Terceiro O prazo de execución da citada obra é de tres meses


Cuarto- A empresa adxudicataria ocupará na realización da obra a cinco persoas pertencentes á empresa e subcontratadas.

Quinto.- A empresa adxudicataria deberá presentar unha garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE

*5.6.- Saneamento Reboredo -Ponte Ulla (Orzamento base de licitación: 17.526,41 euros)*

Primeiro.- Adxudicar definitivamente a citada obra á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L, con CIF B-15608193 e domicilio social en Castelo -Cebreiro (O Pino)

Segundo- o Importe da adxudicación ascende á cantidade de quince mil cento oito euros con noventa e sete céntimos (#15.108,97#) máis dous mil catrocentos dezasete euros con corenta e catro céntimos (#2.417,44#) de IVE.



Terceiro O prazo de execución da citada obra é de catro meses

Cuarto- A empresa adxudicataria ocupará na realización da obra a catro persoas pertencentes á empresa con anterioridade.

Quinto.- A empresa adxudicataria deberá presentar unha garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE

*5.7.- Abastecemento en Merín (Orzamento base de licitación: 45.267,71 euros)*

Primeiro.- Adxudicar definitivamente a citada obra á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L, con CIF B-15608193 e domicilio social en Castelo -Cebreiro (O Pino)

Segundo- o Importe da adxudicación ascende á cantidade de trinta e nove mil vinte e tres euros con oitenta e nove céntimos (#39.023,89#) máis seis mil douscentos corenta e tres euros con oitenta e dous céntimos (#6.243,82#) de IVE.

Terceiro O prazo de execución da citada obra é de catro meses

Cuarto- A empresa adxudicataria ocupará na realización da obra a catro persoas pertencentes á empresa con anterioridade

Quinto.- A empresa adxudicataria deberá presentar unha garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE

## 6º.- Outros asuntos

6.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida

Dáse conta do escrito num. 244/09 no que dona Carmen Vilas Cao, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, expón que ten unha porcentaxe de minusvalidez do 99% segundo certificado emitido polo equipo de valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e o decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

6.2.- Solicitud de atención domiciliaria

Dáse conta do escrito num. 302/09 no que dona Carmen Silva Laña, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita atención domiciliaria para apoio na atención persoal e respiro da coidadora habitual

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:

1º.- Concederlle a atención solicitada de luns a venres (7, 5 horas).

2º.- De acordo co establecido na Orde do 22 de xaneiro de 2009 que regula o servizo de axuda no fogar, a ordenanza fiscal que regula as taxas do SAF e a aplicación do baremo que lle corresponde, aprobar unha achega da usuaria de 1,2 euros/hora como contribución ó custo do servizo

6.3.- Escrito num. 278/09 do CPI de Vedra



Dáse conta do citado escrito no que os alumnos de cuarto curso de ESO do CPI de Vedra expoñen que teñen programada unha viaxe cultural a Italia entre os días 22 e 29 do mes de abril como remate dos estudos de ensino obrigatorio, e dado o levado custo da viaxe solicitan a concesión dunha axuda económica para ese fin

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda de 30 euros/alumno

6.4.- Escrito num. 161/09 de don Manuel Castro Abelleiro

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que con data 02/06/2005 presentou aval para a construción de dúas vivendas unifamiliares en Castro -Ponte Ulla por un importe de 7.827,50 euros, e dado que as vivendas están rematadas e con licenza de primeira utilización solicita a devolución do mesmo

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e cincuenta minutos

